

Medidas preventivas a aplicar ao persoal que desempeñe funcións de carácter esencial

O Centro de Coordinación Operativa (Cecop), na súa reunión de 15/03/2020 adoptou un acordo polo que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do Sector Público Autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.

No seu apartado segundo recolle as seguintes previsións:

“Todos os empregados públicos que realicen funcións dentro de edificios ou instalación administrativas que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior ao persoal que desempeñe funcións de carácter esencial, que deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixa porque así o determinen os titulares dos seus centros directivos.”

De cara a garantir a seguridade do persoal que desempeñe funcións de carácter esencial e que teña que estar no posto de traballo presencialmente, o seu centro directivo adoptará as seguintes medidas preventivas:

1. Deberase organizar o traballo de tal modo que **se evite o contacto entre persoas ou, de non ser posible, se reduza a súa frecuencia**. Deste modo, empregárase de xeito ordinario o teléfono e o correo electrónico entre o persoal que estea presente nas oficinas.
2. O persoal que desempeñe as súas funcións presencialmente será reorganizado de xeito que se garanta a **maior distancia posible entre as persoas**. En todo caso, será necesaria unha **distancia mínima de 1 metro** entre os postos de traballo.
3. Extremarase a **orde no posto de traballo**.
4. Os **equipos de traballo** deberán ser usados só pola persoa titular do posto
5. Restringirase a **ocupación dos ascensores**, de xeito que se garanta unha distancia mínima entre persoas de, polo menos, 1 metro e, de non ser posible, deberá utilizarse individualmente.
6. Facilitarase, en todo momento, o acceso aos aseos para **lavar as mans** con auga e xabón.
7. Extremar as **medidas de hixiene respiratoria**, como ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.
8. **Ventilaranse** de forma frecuente as estancias coa apertura de ventás ou portas.
9. **Extramárase a limpeza e desinfección** destes zonas ou superficies susceptibles de transmisión do virus (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas,...)
10. O persoal deberá ter en conta a previsión contida no apartado 3 do **Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19** (DOG 49 bis, do 12 de marzo de 2020) para o suposto de que presenten sintomatoloxía relacionada co coronavirus.